



VIDAS PARALELAS DE DOUS HETERODOXOS LUCENSES: SEGUNDO MORENO BARCIA E TELESFORO OJEA Y SOMOZA

Antonio Prado Gómez, doutor en Historia



Fig. 1. Segundo Moreno Barcia. *Almanaque Gallego*, 1900.

Polas referencias que aporta un dos seus biógrafos, o historiador local Francisco Lanza (1973, p. 349), Segundo Moreno Barcia naceu na vila de Ribadeo o 21 de outubro de 1841¹ (Moreno, 2003, pp. 214-216). Era fillo do rioxano Segundo Moreno Torres² e da ribadense Francisca Barcia (Cora, 2020). O seu pai foi un activo empresario que, entre outros proxectos, pretendeu construír unha liña de ferrocarril que atravesaría diagonalmente Galicia desde Ribadeo a Vigo e pasaría por Lugo e Ourense, proxecto que presentaría á Deputación lucense en 1862 acompañado dun minucioso estudo explicativo; porén, aínda que a Corporación considerou interesante unha idea que relacionaría a Galicia interior coa costeira, non foi adiante polas obrigas financeiras que implicaba (Prado, 2005, p. 169; Méndez, 1884, p. 336). Unha mostra máis da iniciativa empresarial do proxeni-

tor de Segundo Moreno sería a proposta para construír outro ferrocarril de Lugo a Ribadeo, idea que presentou ao Ministerio de Fomento en 1863 e que, de realizarse, permitiría conectar a capital da provincia co seu principal porto marítimo e paliaría o tradicional illamento da Mariña Lucense (Prado, 2005, pp. 174-175).

No mesmo Ribadeo no que medio século antes Antonio Raimundo Ibáñez promovera un excepcional activismo comercial e industrial, en gran parte truncado coa súa dramática morte, pasaría os seus anos xuvenís Segundo Moreno Barcia; foi no contorno desa vila onde realizou os seus primeiros estudos. O rapaz demostraría unha vocación pedagóxica precoz; dirixiu os pasos académicos cara ao único centro educativo de certo nivel co que contaba a vila de Ribadeo a mediados do século XIX: a Escola de Náutica e Comercio, onde estudou entre 1857 e 1860. A este centro, inaugurado no ano 1856 coa pretensión de aproveitar as condicións naturais da zona para a práctica marítima e comercial e a súa tradición neste terreo, incorporárase como profesor substituto para o curso 1863-64³, cando apenas cumprira os 23 anos de idade. As materias que impartiu no establecemento ribadense foron as de Econo-

1 *El Eco de Santiago* do 21-10-1927 e o 21-10-1930.

2 Segundo Moreno Torres falecería en Barcelona en 1883 (*Liceo Brigantino* do 20-02-1883).

3 Así consta na Memoria que sobre ese curso lía o director Juan Asúnsolo. Vid. Boletín Oficial da Provincia de Lugo (desde aquí BOPL) do 07-10-1864. Foi tamén secretario interino (BOPL do 10-10-1864).

mía Política, Xeografía e Estatística Comercial, disciplinas das que desde 1865 se convertiu en profesor titular. Non era un posto de traballo moi desexable pola súa remuneración, xa que cara 1873 percibía só unhas 2.000 pts anuais, cando un docente de instituto podía cobrar catro veces máis⁴; ademais, o centro ribadense era inestable, xa que dependía do apoio da Deputación de Lugo e esta ía asumindo co tempo que esa Escola era de escasa rendibilidade para o resto da provincia, polo que, ao perder o apoio da Corporación Provincial, o centro desaparecería a mediados dos anos setenta.



Fig. 2. Ribadeo nun gravado da *Ilustración Gallega y Asturiana*, tomo I (1879), nº 12, p.139.

De todas formas, non parece que Segundo Moreno, pese ao escaso salario que percibía polo seu traballo como docente, estivese apremado durante a súa vida por problemas económicos, xa que os negocios e o patrimonio da súa familia lle permitían a suficiente estabilidade neste sentido, e as ocupacións comerciais ás que se dedicou proporcionáronlle ingresos máis xenerosos que os da docencia⁵. Desoutas ocupacións queda algunha constancia concreta, como a da súa

participación en 1867 na Exposición Rexional organizada pola Deputación lucense⁶, e tamén noticias sobre as inversións que realizou en empresas periodísticas locais durante os anos de xuventude.

Estas últimas merecen unha particular atención porque reflicten as súas temperás preferencias ideolóxicas. É o caso do semanario *La Cuenca del Eo*, que fundou e dirixiu durante un breve itinerario de pouco máis de medio ano, desde maio de 1866 ata xaneiro de 1867⁷ (Moreno, 2003, p. 214). Máis adiante colaboraría co seu amigo Andrés de la Cavallería —un avogado que foi, así mesmo, profesor na Escola de Náutica e Comercio e alcalde de Ribadeo— na aparición do semanario *El Ciudadano*, xornal que tamén desaparecería axiña a consecuencia dun enfrontamento co Concello ribadense. Segundo Juan Soto (2012, p. 131), na primeira desas empresas periodísticas, Moreno Barcia contou coa axuda do impresor coruñés Norberto Cascante e coa colaboración como redactor de Benigno Pico Bermies. Na segunda experiencia de prensa citada, os seus promotores beneficiáranse da apertura ideolóxica que caracterizou a Revolución antiborbónica de 1868, pero, como se dixo, non sería por moito tempo.



Fig. 3. Proclamación da I República (*Ilustración Española y Americana*, ano XVII, núm. VII do 16 de febreiro de 1873).

4 Orzamento da Escola de Náutica e Comercio de Ribadeo para o curso 1872-73 no BOPL do 12-06-1873.

5 Proba da vitalidade económica da familia é o feito de que o seu pai Segundo Moreno de Torres financiara cunha moi importante subscripción de 40.000 rs. (20 accións) a construción do ferrocarril do NO (*El Correo de Lugo* do 25-06-1860). Pola súa parte, Moreno Barcia herdou unha serie de relacións comerciais, como as que mantivo co activo enxeñeiro francés Félix Prot de Viéville, sobre explotacións madeireiras ou sobre a instalación dun tranvía eléctrico (*El Regional* do 26-09-1900).

6 Esta exposición de carácter agrario celebrouse coincidindo coas festas de San Froilán do ano 1867. Vid. *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono*, Lugo, Imprenta de Soto Freire, 1867, pp. 87-96. Ib. *Memoria sobre la Exposición (sic) de ganados de la provincia de Lugo*, Lugo, Imprenta Soto Freire, 1867, p. 20

7 *Revista Gallega* do 11-03-1900, p. 3, nota 2.

Nas páxinas destes periódicos, Segundo Moreno xa amosaría as ideas republicanas, federais e anticlericais que mantivo desde moi novo, e que se farían especialmente patentes no proceso revolucionario co que se conseguiu desprazar a Isabel II do trono e abrir un panorama político máis democrático, o do Sexenio Revolucionario. Neste proceso, Moreno Barcia participaría en primeira liña defendendo as reivindicacións dos federalistas galegos —redención de foros, ferrocarril, autonomía...— e colaborando no Pacto Federal Galaico-Asturiano asinado en xullo de 1869 no que se promoveu a instalación dunha República Democrática Federal e se deron as liñas xerais para a organización do partido que defendía a súa implantación⁸. Aínda o faría dun xeito máis activo cando en 1873 se presenta a oportunidade de instalar en España o primeiro réxime republicano, momento no que a Moreno Barcia lle reclamarían ocupar a secretaría do Goberno Civil de Lugo para substituír a Patricio Polo⁹, conxuntura ante a que se viu obrigado a abandonar a súa praza como profesor da Escola de Náutica e Comercio o 24 de marzo de 1873¹⁰.

Durante esa breve etapa republicana, Segundo Moreno viviría outra interesante experiencia no ámbito político, xa que decidiu presentarse ás eleccións ás Cortes e resultou elixido candidato a deputado por Ribadeo¹¹, cargo que lle permitiría participar nas actividades do axitado Parlamento da I República e dun xeito especial nas discusións que se producirían en relación co tema da redención dos foros, aqueles contratos agrarios que caracterizaron durante séculos o agro galego e que eran un tema que lle resultaba atractivo e primordial.

8 A Coruña sería o centro da organización e alí residiría unha comisión permanente de tres membros, que procuraría manter as relacións coas outras federacións de España e Portugal e informar a todos os integrantes nas xuntas xerais. Os outros afiliados que, xunto con Moreno Barcia, asinaron o pacto por Lugo foron Vicente Somoza, Vicente Cedrón y Bieites, Candido Rebellón, Ildefonso Serrano, Serafín Villar, Eladio Fernández y Miranda e José Sanjurjo. O contido do Pacto Federal Galaico-Asturiano pode consultarse en <http://biblioteca.galician.gal/pt/consulta/registro.cmd?id=4940>.

9 *El Eco de Galicia* do 22-03-1873. Tomaba posesión dese cargo o 27 de marzo, tras ser nomeado polo goberno republicano o anterior día 9 (BOPL do 27-03-1873).

10 No Boletín Oficial da Provincia da Coruña (desde aquí BOPC) do 26-04-1873 convocábase a praza para substituír a Moreno Barcia, que ofrecía un soldo de 1.000 pts anuais.

11 *El Eco de Galicia* do 08-05-1873.

En tan significativo como problemático asunto, Moreno Barcia formou parte da comisión informadora e defendeu a postura de que o laudemio —dereito que se pagaba ao dominio directo das propiedades— era un residuo feudal que debería ser abolido¹², co cal amosaba sintonía co proxecto de redención de foros que presentou Juan Manuel Paz Novoa no que se determinaba toda a normativa para o proceso¹³. O relator ourensán era galego, republicano e rigoroso contemporáneo de Segundo Moreno, pero ademais coincidían noutros aspectos persoais e profesionais, xa que Paz Novoa foi tamén docente na Escola de Náutica e Comercio de Ribadeo e na Escola de Comercio da Coruña, centros nos que deberon ter ocasión de coñecerse e relacionarse, porque ademais eran profesores de materias similares e, de feito, en Ribadeo, Moreno Barcia debeu substituír na súa fugaz praza de docente a Paz Novoa cando este decidiu trasladarse ao Instituto de Bilbao.



Fig. 4. Juan Manuel Paz Novoa, *Almanaque Gallego*, 1900.

O temperán remate da primeira experiencia republicana española a comezos do ano 1874 obrigaría a Moreno Barcia a abandonar o seu cargo no Goberno Civil de Lugo e regresar á docencia, e neste sentido solicitaría a reposición na cátedra da Escola de Comercio de Ribadeo para continuar o seu labor como profesor de Economía Política, Dereito Mercantil, Xeografía e Estatística Comercial, aludindo a que era titular desas materias desde o 19 de outubro de 1865¹⁴. A reclamación que presentaba en abril de 1874 á Deputación de Lugo —institución que era a responsable do centro educativo ribadense— permitiulle recuperar o seu antigo posto como profesor substituíndo a Andrés de

12 *El Eco de Galicia* do 23-08-1873.

13 Sobre Paz Novoa pode consultarse un breve apunte biográfico e un estudo da súa proposta foralista en López Rodríguez, Pilar, *Campesinos propietarios*, pp. 77-82.

14 Actas da Deputación Provincial de Lugo (desde aquí ADPL) de 01-04-1874.

la Cavallería¹⁵, aínda que varios deputados provinciais maioritariamente monárquicos e conservadores que recuperaran o poder despois da primeira experiencia republicana puxeron trabas á súa reposición por consideralo un home de pensamento demasiado radical, sen esquecer que existía ademais o crecente desexo, xa manifestado por parte da Corporación provincial, de desatenderse dos asuntos que concernían á Escola de Ribadeo e dedicar a outros usos os fondos provinciais que se lle asignaban¹⁶.

Como Moreno Barcia non tiña intención de abandonar a actividade académica, solicitou entón unha praza de docente no Instituto Provincial de Lugo¹⁷, instancia que sería aceptada, aínda que nese centro permaneceu moi pouco tempo, xa que para o curso 1876-77 pedía un novo traslado ao Instituto da Coruña, o que lle sería concedido por unha Real Orde do 14 de agosto de 1877¹⁸. Desde entón asentouse nesa cidade como profesor de Economía Política e Xeografía e Estatística Comercial¹⁹ nun ámbito cidadán máis activo que o lucense para desenvolver tanto as actividades mercantís ás que dedicaba unha parte da súa atención como para levar adiante as ideas librepensadoras que pensaba poñer en práctica²⁰. Naquel momento era xa líder indiscutible do partido republicano-federal en Galicia e,

como tal, un dos promotores do manifesto dirixido "A los electores demócratas" no que se criticaba o modelo de sufraxio restrinxido existente na primeira etapa da Restauración.

No instituto coruñés impartiría docencia durante unha década e ata o momento no que se repón na cidade a Escola de Comercio en 1887. Este centro pretendía promocionarse mediante a contratación para ocupar as súas cátedras dunha serie de profesores dos institutos galegos de recoñecida formación, e así chegaron á escola herculina Segundo Moreno Barcia e José Rogina Martínez, que eran catedráticos do instituto coruñés; Juan Manuel Paz Novoa, procedente do instituto ourensán; e os profesores Mariano Carreras e Juan Asúnsolo, do de Lugo²¹. Integrado nese centro, do que moi pronto sería nomeado director²², permanecería nel practicamente ata a súa morte, case o mesmo tempo que seguiría ocupando o posto de director²³. De feito, debía xubilarse como tal no ano 1901 ao cumprir os 60 anos²⁴, pero non debeu ser así, xa que se lle menciona como director da Escola de Comercio coruñesa con ocasión da homenaxe que se ofrecía a Francisco Pi i Margall en Pontevedra o 18 de decembro de 1901²⁵, e, meses despois, recibía nese posto un aumento de sol-

15 BOPL do 18-04-1874.

16 ADPL do 07-IV-1875. Ib. BOPL de 21-V-1874 no que se recolle o contido da sesión de 6 de maio.

17 No arquivo do Instituto Lucus Augusti, aínda que non se conserva expediente, figura un papel coa súa sinatura no que solicita unha praza de docente con data do 22 de marzo de 1876. En novembro de 1876 solicitaba, así mesmo, que a Deputación Provincial lucense aprobase o seu salario de 3.000 pts como profesor de Economía Política, o que repetiría meses despois (BOPL do 25-11-1876 e o 09-01-1877).

18 *Memoria do curso 1877-78*, referida ao anterior, Lugo, imprenta de Soto Freire, 1877. Así mesmo, na *Memoria sobre o estado da instrucción na Universidade de Santiago do curso 1878-79* (Santiago, Manuel Mirás, 1880), figuraba no Instituto da Coruña como profesor de Xeografía e Estatística Comercial e Economía Política. No *Diario de Avisos de La Coruña* do 24-01-1885 menciónano como catedrático numerario nos Estudos de Aplicación ao Comercio.

19 Vid. Costa Rico, Antón, *Historia da educación e a cultura en Galicia*, p. 783 e nota 185.

20 Tamén asesorou a Deputación coruñesa na granxa agrícola experimental que se pretendía crear (*El Censor* do 05-01-1888).

21 *El Eco de Galicia* do 23-09-1887 e *El Regional* do 25-09-1887. *Ibid.* *Crónica de Pontevedra* de 01-10-1887, onde engadíase o nomeamento dos profesores Ricardo Real e César Garza, ademais dos axudantes Laureano Martínez e Atanasio Mosquera. Pola referencia a unha subscrición organizada para levantar un monumento ao xornalista e político Daniel Carballo Codesido sabemos que os profesores da Escola de Comercio en 1895 eran Segundo Moreno Barcia, que exercía de director, Juan Manuel Paz Novoa, Juan Asúnsolo Martínez, José Rogina Martínez, Francisco J. de Echave, César de la Garza Tapia, Enrique Fraga Rodríguez, Laureano Martínez Brañas e José Casares Paz (*El diario de Galicia* do 19-01-1895).

22 *El Regional* de 03-10-1887, que o trataba de "querido amigo y correligionario". O periódico santiagués *Gaceta de Galicia* publicaba o seu nomeamento o 29-09-1887, xunto co dos profesores axudantes Laureano Martínez Brañas e Atanasio Mosquera Araña e do profesor de lingua francesa Ricardo María del Real.

23 Como tal asinaba a convocatoria de exames de setembro de 1888 e a apertura da matrícula para o curso 1888-89 (*El Censor* do 25-08-1888). *Ibid.* BOPL do 24-08-1888 e BOPC do 25-08-1888 e 30-08-1889.

24 *La Idea Moderna* do 27-08-1899 e 04-11-1900.

25 *La Idea Moderna* do 18-12-1901. Antes participaría na recepción que a Coruña dedicou a Francisco Romero Robledo en 1900 (*El Correo Gallego* do 31-10-1900 e *Gaceta de Galicia* do 31-10-1900).

do de 500 pts ao cumprir 35 anos como docente²⁶. Tamén se o aludía como director en 1904 cando custodiaba o proxecto de ferrocarril de vía ancha que proxectara o seu pai de Lugo a Ribadeo, e que agora se pretendía consultar como precedente para a vía proxectada entre Vilaoudriz e Ribadeo²⁷. Como director, saudábano un ano despois desde as páxinas do xornal *El Norte de Galicia* nunha viaxe que fixo a Lugo²⁸, e, así mesmo, presentábano como tal cando acudiu a impartir a conferencia inaugural da Cámara de Comercio ferrolá²⁹ ou cando volvía a recordarse o seu paso por Lugo no verán de 1907³⁰. De feito, non abandonaría a dirección ata o ano anterior ao seu falecemento, renunciando a un cargo que pasaba a ocupar o profesor de Contabilidade e Cálculos Mercantís José Rogina Martínez para o curso 1908-1909, a cuxa apertura Moreno Barcia xa non asistiu, seguramente condicionado polo deterioro da súa saúde a causa da diabetes que padecía³¹.

Durante a súa longa estancia coruñesa, dende a que só se permitiu algúns desprazamentos³², Segundo Moreno mantería con firmeza as súas conviccións políticas e converteríase nun referente para os republicanos federalistas galegos³³. En consecuencia, participou na redacción do *Proyecto de Constitución para el futuro estado gallego*, que elaborou un Consello Executivo

republicano-federal que el mesmo presidía. Redactou o proxecto xunto con Santiago Casares Paz, e presentouse o 24 de maio de 1883³⁴. De feito, o propio Moreno Barcia asinaría un preámbulo (Beramendi, 2007, pp. 268-276) no que recollía todos os dereitos que correspondían ao home polo feito de selo, no que se definía a Galicia como un estado autónomo e soberano, e no que se defendía a fórmula política democrático-republicana-federal.

Tamén sería o responsable da organización da I Asemblea Federal da Rexión Galega que se celebraría na Coruña en decembro de 1886, na que se presentou aos distintos comités galegos o mencionado proxecto. Esta reunión remataría cun mitin no Circo María Pita, no que participaron as dúas grandes figuras do partido federal neses momentos: Segundo Moreno Barcia e o médico Ramón Pérez Costales³⁵.

O proxecto sería discutido, votado e sancionado definitivamente pola II Asemblea Federal reunida en Lugo o 2 de xullo de 1887, na que participaron todos os grandes dirixentes federais galegos (Moreno Barcia, Pérez Costales, Mosquera Lequerica, Casares Paz...) xunto á nova xeración de militantes, moitos deles lucenses (Castro López, Leiras Pulpeiro, Aureliano José Pereira...). Nesta reunión recoñeceu-se un modelo electoral con sufraxio universal para maiores de 21 anos, e mesmo para as mulleres que tiveran un certo nivel educativo, o que en realidade moi poucas podían demostrar.

26 *La Idea Moderna* do 31-12-1901.

27 *El Norte de Galicia* do 22-08-1904. O ferrocarril, en principio mineiro, de Vilaoudriz a Ribadeo comezou a funcionar con transporte de mineral en 1903, para logo trasladar tamén pasaxeiros a partir de 1905. https://es.wikipedia.org/wiki/Ferrocarril_de_Puente_Nuevo_a_Ribadeo

28 *El Norte de Galicia* do 06-09-1905. Xa visitara Lugo en 1896 (*El Regional* do 12-09-1896) e volvería en 1899 para tomar os baños no balneario da cidade (*La Idea Moderna* do 27-08-1899).

29 *El Correo Gallego* do 30-10 e o 02-11 de 1906, recollendo neste último número toda a súa maxistral intervención pola que sería nomeado meses despois socio honorario da Cámara ferrolá (*El Correo Gallego* do 21-01-1907 e *El Eco de Galicia* do 28-02-1907).

30 *El Correo Gallego* do 14-08-1907.

31 Admitiríase a súa dimisión no verán de 1908 (*Galicia nueva* do 28-07-1908 e *La Correspondencia Gallega* do 29-07-1908). *Ibid.* *El Eco de Galicia* do 02-10-1908, no que se comunica a súa renuncia e a substitución por Rogina. Porén, Xan Moreno afirma que se viu obrigado a dimitir (G.E.G. XXX, p. 214).

32 O seu correligionario Castro López asegura que participou nun mitin dado en Lugo no teatro da cidade o 17 de abril de 1881 (*Efemérides Galaicas*, p. 58).

33 Manuel Castro López dedicarlle por entón o seu libro de poemas *Preludios* publicado en 1883.

34 Moreno González, Xan, G.E.G. XXX, p. 215. Santiago Casares Paz (1845-1920) foi un político santiagués vinculado ao Casino Republicano da Coruña, cidade da que foi alcalde en 1917. Sería o pai do político republicano Santiago Casares Quiroga. *Ibid.* *El Eco de Santiago* do 24-05-1933.

35 Moreno González, Xan, G.E.G. XXX p. 215. O xornal *Las Riberas del Eo* do 08-03-1930 alude a que en 1886 Moreno Barcia aspirou á cátedra de Economía política do Instituto San Isidro de Madrid.



Fig. 5. Proxecto de Constitución para o futuro estado galego, 1887 (*Real Academia Gallega*).

Namentres, Moreno Barcia non descoidaría as actividades literarias, xa que colaborou no almanaque literario *La Aurora de Galicia* de 1879 como fixeron Emilia Pardo Bazán, Emilia Calé y Torres, Juan Manuel Paz Novoa, Juan Saco y Arce, Manuel Curros Enríquez ou Francisco Añón Paz, entre outros³⁶. Anos máis tarde, en setembro de 1887, presidiría un certame literario en Betanzos que organizaba o periódico *Las Mariñas*³⁷, intervención que revela o prestixio intelectual do que gozaba entre os seus paisanos.

O talante progresista tíñao exhibido Segundo Moreno desde tempo atrás tamén no terreo educativo, como cando foi un dos poucos accionistas galegos que participou no asentamento da Institución Libre de Enseñanza (Porto, 1986, pp. 102, 120 e 124). Este proxecto pedagóxico inspirado no krausismo constituíu a experiencia máis innovadora da España do século XIX ao planear a defensa da liberdade de cátedra e dun pensamento laico que confrontaba co tradicional dominio eclesiástico do sector educativo. Para axudar á súa financiación adquiriu nada menos que 313 accións da primeira emisión da Institución, algo que lle supuxo o notable desembolso de 78.250 pts, inversión coa que

amosa que en 1880 mantiña unha moi solvente posición financeira. De feito, a súa actividade económica, unida á preparación teórica como profesor, permitíronlle ser elixido presidente da Asociación de Profesores e Peritos Mercantís que se constituía na Coruña en 1883³⁸ e tamén presidente do Colexio Pericial Mercantil da Coruña, cargo que repetía unha década despois³⁹.

Desde outra óptica, sería elixido en 1889 presidente honorario da Sociedade benéfica e librepensadora Miguel Servet, que se constituíu na cidade herculina e impulsou a creación da primeira escola laica galega, inaugurada en xuño de 1889 con 34 alumnos, segundo Castro López (1891, p. 48)⁴⁰. Hai que valorar de xeito conveniente o esforzo que significaba neses momentos asentar un modelo de ensino desprendido da relixión nun contexto que estaba dominado polo clima clerical que caracterizou a etapa da Restauración en España. A historiadora Ana Romero (2017, p. 5) destaca o papel principal que representou nesta ocasión Moreno Barcia —a quen cualifica de "máximo referente do librepensamento e anticlericalismo coruñés"—, que interviu dun xeito moi activo en todas as iniciativas que propiciaron a fundación do centro⁴¹. Tamén foi o principal orador xunto co médico José Rodríguez Martínez —o outro presidente honorario da Sociedade Miguel Servet— o día da inauguración da escola o 13 de xuño de 1889 nos locais que ocuparía na rúa Juana de Vega nº 19⁴². O mestre designado para responsabilizarse deste centro sería Ventura León Enciso, quen continuou á fronte do mesmo ata o seu peche 1892. A suspensión da actividade escolar foi algo que Moreno

38 Xan Moreno González indica que o nomeamento se produciu en 1884 (G.E.G. XXX, p. 214). *Íbid.* *El Correo Gallego* do 31-10-1883 e o *Diario de Avisos de La Coruña* do 20-08, o 21-08 e o 29-10-1884 recollendo a conferencia de Moreno Barcia titulada *Juicio crítico-histórico del Comercio*. *Íbid.* *Liceo Brigantino* do 14-11-1883 e *El Telegrama* do 23-10-1884.

39 *El Correo de Galicia* do 20-12-1900 e o 21-01-1909; *La Correspondencia Gallega* do 22-01-1909.

40 Ana Romero reduce a 30 o número de alumnos, mentres recorda que a primeira experiencia tivo como escenario en 1888 a cidade de Ferrol, aínda que resultou un ensaio efémero. (arm_01_laicismo.pdf).

41 Dispoñible en https://www.estudioshistoricos.com/wp-content/uploads/2017/05/arm_01_laicismo.pdf, coa cita do número de *La Voz de Galicia* do 24-08-1886.

42 Entre as súas intervencións neste centro escolar destacan a do 18 de xaneiro de 1891, na que desenvolveu o tema "La paz armada ó tributo de sangre" (*El Telegrama* do 16-01-1891), e a do 17 de maio sobre "Las contribuciones indirectas" (*El Telegrama* do 15-05-1891).

36 *El Telegrama* do 04-12, o 10-12, 12-12 e o 14-12-1878.

37 *El Lucense* do 12-09-1887; *La Monarquía* do 15-09-1887; *Semanario Follas Novas* do 25-09-1898; e *Galicia: revista regional* do 01-08-1888.

Barcia non puido evitar pese aos seus esforzos para que o Concello coruñés colaborara no seu mantemento, xa que o Concello advertía que, se a patrocinaba, deixaría de ser privada e perdería a súa esencia fundacional. De nada serviu tampouco á hora de evitar o peche o alto nivel acadado polo alumnos nas probas que se lles practicaron.

Segundo Moreno foi tamén membro da masonería na Loxa Brigantina nº 24 e decidido defensor dun modelo de federalismo pactista. O profesor Alberto Valín (1990, pp. 99-100, 487 e 518) reconece a súa militancia no republicanismo radical, para logo cualificalo como francmasón federal e caracterízalo como presunto fundador da loxa mencionada no ano 1877. Pola súa parte, Xan Moreno (2003, p. 215) afirma que recibiu o nome de irmán "Manín" e acadou o grao 33 da Gran Loxa Rexional Galaica que, a iniciativa súa, se declarou independente do Gran Oriente Español o 2 de novembro de 1888⁴³.

Naquel momento estaba implicado plenamente na vida coruñesa, e sería nomeado vicepresidente do Ateneo Popular da Coruña que presidía Luciano Puga⁴⁴, e ademais de ser un socio activo do Círculo de Artesanos, a sociedade cultural máis importante da cidade, onde a súa intervención constou en varias conferencias organizadas dentro dela, como a impartida sobre a cidade de Londres o 26 de marzo de 1890. Así mesmo, aparece con claridade a súa relación con outros ilustres republicanos e progresistas coruñeses como Ramón Pérez Costales, o mencionado médico Rodríguez, Santiago Casares Paz ou Federico Tapia Segade, quen sería alcalde da Coruña entre 1872 e 1873⁴⁵.

O gran inimigo periodístico de Moreno Barcia foi o xornal católico coruñés *El diario de Galicia*. Esta xenreira queda moi ben reflectida nas alusións que o citado periódico recollía no seu número de 13 de febreiro de 1895, no que comentaba un discurso pronunciado por Moreno Barcia no Casino Republicano dous días antes, e que sen disimulo cualificaba de "sermón". Na súa intervención, segundo o diario, o profesor puxo

de manifesto a súa persistente "manía" coa Igrexa católica, polo que o xornal lle pedía unha "paulina conversión". O mesmo periódico afirmaba que era preciso cerrar as escolas ateas que existían na cidade, e daba conta das conferencias dominicais anticatólicas ás que asistían homes, mulleres e nenos, e nunha das que asegurou "que el hombre procedía del mono", o que convertería o noso personaxe en simpatizante das teorías darwinistas. Desas escolas sen Deus saían os anarquistas que eran o terror da sociedade, polo que había que facelas desaparecer⁴⁶. Así mesmo, o xornal católico publicaba un editorial cun expresivo título: "¡A estudiar don Segundo!", artigo no que criticaba as súas peregrinas interpretacións bíblicas e os seus escasos coñecementos filosóficos e históricos, polo que se dirixía ao director da Escola de Comercio como "Fray Diego" e solicitaba do gobernador que suspendese tales conferencias⁴⁷. Aínda así, tres días despois⁴⁸, o diario publicaba unha carta aberta dun obreiro dirixida a Segundo Moreno na que o trataba de "respetado maestro" e na que aludía á súa "admirable conferencia", pero tras a que tivo unha diatriba con outro asistente que, con argumentos bibliográficos, rebateu diversos argumentos presentados na conferencia, por iso, o asistente, que se presentaba como "Uno que desea saber; pero que no quiere ser engañado", solicitaba agora certas aclaracións.

O asunto chegou ao extremo de que, ao entender que as denuncias contra as "predicaciones" de Moreno Barcia non tiñan efecto ante as autoridades provinciais, *El diario de Galicia* decidía solicitar ao mesmo ministro de Fomento José Álvarez de Toledo y Acuña que tomase cartas no asunto e actuase contra as repetidas falsidades que, con "ignorancia supina", repartía nas súas actuacións públicas, nas que non faltaban referencias revolucionarias e antidinásticas ás que había que poñer remedio, xa que afectaban seriamente ao ensino, á orde pública e ás institucións. Recordábase concretamente que nunha das conferencias dominicais das escolas ateas pronunciara a frase: "Hay que hacer desaparecer el Altar y el Trono". Manter no posto de director da Escola de Comercio o ribadense sería o mesmo, en opinión do periódico, que nomear a Máximo Gómez (o líder dos independentistas cubanos, neses momentos

43 Pola súa condición de masón, o periódico católico coruñés *El diario de Galicia* demandaría que se lle expulsase da súa cátedra, ao mesmo tempo que solicitaba maior control e disciplina no establecemento educativo que dirixía (*El diario de Galicia* do 20-11 e o 12-12-1894).

44 *El Telegrama* do 20-01-1882.

45 *El Regional* do 28-03-1890. Ib. Páxina do Círculo de Artesáns, 26-09-2021.

46 *El diario de Galicia* do 19-10-1897.

47 *El diario de Galicia* do 16-11-1897. Debe aludir a frei Diego José un famoso predicador e misionero gaditano do século XVIII.

48 *El diario de Galicia* do 19-11-1897.

en guerra aberta con España) xeneral en xefe do exército español⁴⁹. Porén, non parece que a carta dirixida ao ministro provocara a destitución de Segundo Moreno Barcia como director, e a misiva do periódico non debeu ter maiores consecuencias.

Ben distinta era a postura do diario republicano coruñés *El Telegrama*, que dedicou repetidas e afectuosas atencións ás actividades de Moreno Barcia, e que orientaba o seu número do 26 de xullo de 1889 a comentar a efeméride do día anterior, que consideraba especialmente significativa porque supoñía o despertar de Galicia tras séculos de opresión, xa que adoptaba agora un modelo democrático e republicano. Tal obxectivo conseguiríase coa unión dos pobos galegos, en particular dos de Ferrol e A Coruña, nun pacto sinalado pola xornada do 25 de xullo de 1889, na que se produciría unha visita marítima de coruñeses a Ferrol, a súa recepción no Concello, o discurso de Maximiliano Linares Rivas —presidente da *Sociedad Liceo de Artesanos*— e o banquete conmemorativo, actos aos que asistiu Segundo Moreno como membro do sindicato e nos que participou nos brindes "conteniéndose apenas para no desbordar el entusiasmo".

No ano 1891, recordando a súa etapa de activismo político ribadense de dúas décadas atrás, decidirá participar nas eleccións de deputados ás Cortes pola Coruña dentro da candidatura republicana⁵⁰, mais nesta ocasión sen éxito, pese a que en maio do ano anterior se aprobaba en España a lei de sufraxio universal masculino que permitía exercer o voto a todos os varóns maiores de idade, o que ampliaba o abano electoral e parecía favorecer as opcións máis progresistas.

A morte do gran dirixente federal Francisco Pi i Margall en novembro de 1901 trastornou a estabilidade do seu partido, e Moreno Barcia, grande amigo do político catalán, reconsideraría a súa postura política. Desenvolveu entón outra vertente ideolóxica que o conduciría a integrarse en 1907 nas filas de *Solidaridad Gallega*, a organización rexionalista que, imitando á *Solidaritat Catalana*, reclamaba o recoñecemento da personalidade de Galicia, definíase como defensora do asociacionismo agrario e facía unha crítica acérrima do caciquismo. Dentro dela, Segundo Moreno representou o

republicanismo federal que non abandonaría en toda a súa vida, asinaría —xunto co médico republicano Rodríguez⁵¹, o tradicionalista Juan Vázquez de Mella e os rexionalistas Manuel Murguía, Galo Salinas e Eugenio Carré Aldao— o *Manifiesto Solidario*, no que se constituíu a agrupación política, e sería nomeado presidente da Xunta Local coruñesa do Centro Solidario⁵². Esta institución aprobaría un regulamento no que deixaba constancia do seu ideario:

*La solidaridad gallega se propone afirmar, hacer valer por una amplia descentralización la personalidad de Galicia: conseguir y afirmar su legítima representación en todas las esferas del derecho y de la prosperidad de sus intereses dentro de la unidad del Estado español*⁵³.

Sen apartarse dos compromisos sociais que lle interesaban, no mesmo ano 1901 participaría na velada homenaxe que o Casino Republicano coruñés dedicou a Francisco Pi i Margall con motivo do seu falecemento, colaborando, así mesmo, na iniciativa de levantar un monumento a Emilio Castelar, outro carismático líder republicano⁵⁴.

Por eses anos, Moreno Barcia participaría tamén na publicación *Vigo* dedicada aos visitantes portugueses; o seu traballo titulábase *A la Noble Nación Portuguesa* e figuraba entre outras múltiples e recoñecidas sinaturas como as de Emilia Pardo Bazán, Benito Pérez Galdós, Gumersindo de Azcárate, Francisco Pi i Margall ou Eugenio Montero Ríos⁵⁵.

En 1903, Moreno Barcia colaboraría no *Almanaque Gallego* que dirixía desde Bos Aires Manuel Castro López, a quen trataba como "entrañable amigo", cun longo e profundo estudo sobre a situación xeral de España que

49 *El diario de Galicia* do 23-11-1897.

50 *El Regional* do 21-01-1891, compartindo candidatura con Francisco Amarelle y Rodríguez. *Íbid.* *El Eco de Galicia* do 31-01-1891 e *Álbum literario* nº 137 do 14-09-1890.

51 José Rodríguez Martínez (1856-1921), máis coñecido como o "médico Rodríguez" polos seus paisanos, foi un filántropo galego moi popular que promoveu un sanatorio en Oza, o seu pobo natal. Políticamente considéraselle un liberal demócrata, foi concelleiro en Oza e mantería tamén unha grande actividade publicista en diversos periódicos e revistas como *La Voz de Galicia*.

52 *A Nosa Terra* do 19-09 e o 12-12-1907. *Íbid.* *Solidarismo Gallego* do 15-12 e o 31-12-1907.

53 *Galicia nueva* do 07-12-1907.

54 *Revista Gallega* do 15-12-1901 e o 09-03-1902.

55 *El Diario de Pontevedra* do 11-06-1901.

titulaba *Pro Patria España*⁵⁶. No ensaio advertía sobre a decadencia e dexeneración española que a crise de 1898 puxera en evidencia e que supuxo a perda dos últimos redutos coloniais. Recordaba o sentido da patria entre aqueles que tiñan que abandonala (os emigrantes). Utilizaba referencias relixiosas e históricas para deducir que "es España quizás y sin quizás la que más ha disipado su vida en el tiempo, bajo la suprema influencia del Vaticano, del que fué en toda ocasión su brazo más dócil y decidido", de aí o acusado odio dos españois cara a xudeus e musulmáns. Coa chegada do mundo moderno, mentres nunha parte de Europa a Reforma salvaba a liberdade de conciencia, España esgotaba as súas xentes e recursos por defender a máis reaccionaria ortodoxia. O pensamento ilustrado na segunda metade do século XVIII tratou de recompoñer a situación, e Carlos III promoveu a expulsión dos xesuítas ao mesmo tempo que intentaba revitalizar a economía española. A pesar dos intentos renovadores do século XIX non sería posible desterrar do país o predominio clerical que se instalaría definitivamente coa Restauración borbónica no último cuarto do século XIX, chegando, no momento en que escribía Moreno Barcia, a "vegetar de cualquier modo y por cualquier medio". Coa súa anticlerical análise, o ribadense chegaba a afirmar que Filipinas se perdera pola insurrección provocada polos frades, e que a desidia administrativa demostrada na guerra de Cuba causara a morte de miles de mozos españois recrutados entre as clases máis humildes, sen que se pedira responsabilidades a ninguén. Todo isto no contexto dun declive económico xeneralizado nun país castigado "por el impuesto, la emigracion y la miseria". Era España, na opinión de Moreno Barcia, un vasto convento no que 12 dos seus 17 millóns de habitantes eran analfabetos, e no que só dous millóns e medio de hectáreas eran de regadío dos corenta e catro millóns dedicados ao cultivo. Segundo o rigoroso analista, en España a muller gobernaba o home e aquela era gobernada polo seu director espiritual, e así penetraba o país no século XX sen que frutificasen as voces críticas e renovadoras. Porén, nas últimas reflexións do seu manifesto e ante posibles pesimistas posturas, declarábase convencido dunha futura grandeza e recuperación do país co apoio das nacións irmáns americanas.

No mesmo ano, a revista semanal ilustrada *Galicia* publicaba, na primeira páxina do número correspondente ao 15 de marzo de 1903, unha referencia bibliográfica de Segundo Moreno Barcia na que recordaba a súa amizade con Pi i Margall e as súas intervencións na escola laica, citas ás que acudían moitos para escoitar ao que foi considerado un segundo Castelar. Recordaba, así mesmo, diversos momentos biográficos xa coñecidos aos que se engadía algún outro dato como a asistencia aos actos conmemorativos do cuarto centenario do descubrimento de América en 1892 no Congreso Pedagóxico alí organizado, para o que se desprazou a Madrid en representación da Escola de Comercio.



Fig. 6. Retrato de Segundo Moreno publicado en *Galicia: revista semanal ilustrada* do 29-05-1909.

Tamén asistiu en París ao Congreso Internacional de Ensinanzas Técnicas de 1900 no que presentou en francés un informe sobre a educación comercial da muller, sendo nomeado membro do Comité permanente do Congreso en representación de España⁵⁷. Na mesma revista *Galicia* asegurábase que dera en 1904 unha conferencia no seu pobo natal de Ribadeo⁵⁸ e que era elixido presidente do Centro Solidario coruñés, como xa se dixo⁵⁹. A publicación cubana tampouco esquecería a noticia da súa morte, circunstancia que motivaría un amplo reportaxe sobre Moreno Barcia ilustrado cunha fotografía e no que se incluía unha eloxiosa referencia ao personaxe e ao seu coherente espírito republicano federal, que evolucionaría nos últimos anos cara ao campo galeguista e solidario. Para a revista caribeña, Moreno Barcia tivera unha vida pública moi intensa e vírase obrigado a pedir a xubilación

⁵⁶ *Almanaque Gallego* de 1903, pp. 23-34; *El Eco de Galicia* do 30-10-1902.

⁵⁷ *Galicia: revista semanal ilustrada*, ano II, nº 11 do 15-03-1903.

⁵⁸ *Galicia: revista semanal ilustrada* do 04-09-1904.

⁵⁹ *Galicia: revista semanal ilustrada* do 19-01-1908. Quedou establecido no Cantón Grande, nº 19, 1º piso.

ante o "funesto goberno de Maura"⁶⁰. Así mesmo, o semanario dedicaba un recordo á manifestación que o Casino Republicano coruñés organizou na súa honra en 1910⁶¹, e á homenaxe que lle dedicarían os alumnos da Escola de Comercio con motivo do segundo aniversario da súa morte⁶².

Quedan aínda algunhas indicacións que sinalar sobre a actividades nas que Moreno Barcia participou nos seus últimos anos de vida. Así, en 1905 decidía presentarse como candidato republicano ás eleccións dese ano polo distrito Coruña-Carballo, xunto con Antonio Lens e Andrés Souto Ramos⁶³, pero non lle acompañaría o éxito. Ademais, con ocasión do atentado rexio producido o 31 de maio de 1906 contra Alfonso XIII e Euxenia de Battenberg, terían lugar unha serie de repercusións e imputacións —entre elas as dirixidas contra o periodista José Nakens e o pedagogo Ferrer i Guardia— que provocaron un profundo malestar obreiro. Con tal motivo, na Coruña, as sociedades obreiras convocarían un paro e un mitin que presidiría Moreno Barcia⁶⁴.

Aínda que non descoidaba a súa saúde, posto que consta que nos últimos anos da súa vida pasaba algún tempo na localidade de Mondariz tomando as augas en compañía da súa esposa⁶⁵, non lle faltaron a partir dos sesenta anos os achaques. O periódico pontevedrés *La Correspondencia Gallega* advertía no número de 29 de marzo de 1909 que Segundo Moreno Barcia se atopaba gravemente enfermo, e menos dun mes despois, o 27 de abril, chegaría o final da súa activa vida cando contaba 67 anos.



Fig. 7. Lápida de Moreno Barcia no cemiterio de Santo Amaro da Coruña.

A noticia da súa morte recollíaa o diario coruñés *El Eco de Galicia* en primeira páxina, un xornal que, inspirado polo seu definido trazo católico, advertía que "Había sido la encarnación viviente del masonismo y del libre-pensamiento local" e que "Murió, como había vivido, en la impenitencia, rodeado de sus colegas en radicalismo sectario"⁶⁶. Enterraríano civilmente no cemiterio de Santo Amaro nunha sepultura que compartiría coa súa esposa Matilde Fernández Rodríguez, quen lle sobreviviría aínda moitos anos.

Un periódico lucense xurdido poucos meses antes do seu falecemento, *El Progreso*, dedicarlle a Segundo Moreno unha nota necrolóxica na súa primeira páxina do número correspondente ao 29 de abril de 1909. Aínda que se distanciaba do pensamento do falecido, demasiado radical para o xornal lucense, amosaba sen embargo o sentimento pola súa morte e recoñecía as súas "excepcionales condiciones" persoais. Nos datos biográficos que ofrecía na nota necrolóxica afirmaba erroneamente que nacera en 1842, pero identificaba os seus pais e resaltaba a boa posición económica da familia. Logo, aludía ao activismo político que exerceu por toda a provincia, á súa participación na xunta revolucionaria ribadense en 1868, ao seu acerto no desempeño do cargo de secretario do Goberno Civil de Lugo, e á súa intensa dedicación posterior á docencia e á política, sen esquecerse de resaltar o seu labor como deputado en 1873-1874, posto desde o que defendeu as ideas federais e procurou a resolución dos problemas

60 *Galicia: revista semanal ilustrada* do 22-05 e o 29-05-1909.

61 *Galicia: revista semanal ilustrada* do 21-05-1910.
Complementouse cunha velada na Escola de Comercio.

62 *Galicia: revista semanal ilustrada* do 27-05-1911.

63 *La Correspondencia Gallega* do 25-02-1905.

64 *El Correo Gallego* do 15-06-1907 e *La Correspondencia Gallega* do 15-06-1907.

65 *Noticiero de Vigo* do 12-09-1905 e o 26-06-1906.

66 *El Eco de Galicia* do 29-04-1909.

sociais e económicos de Galicia. Destacaba tamén o diario a intensa actividade docente e comercial que desenvolvera na cidade da Coruña e finalizaba aludindo á súa amizade con relevantes personaxes da época como Francisco Pi i Margall e Nicolás Salmerón, líderes políticos que apreciaban o seu consello e recoñecían o seu talante bo e afable.

Os outros xornais locais foron máis concisos ante o óbito do ilustre ribadense. *El Regional* limitábase a dar a noticia en segunda páxina cunhas breves referencias biográficas. *La Idea Moderna* dedicáballe un parecido recordo no que aludía á súa estancia lucense e a un espírito viaxeiro que lle permitiu dominar varios idiomas. Pola súa banda, o conservador *El Norte de Galicia* amosaba as súas diferencias coa ideoloxía do finado obviando calquera alusión⁶⁷.

Outros periódicos galegos prestarían tamén atención á súa morte, como o santiagués *El Correo de Galicia*, que simplemente facía alusión ao falecemento⁶⁸. Pola súa parte, o ferrolán *El Correo Gallego* recordaba o óbito advertindo que os republicanos preparaban unha gran manifestación de dó e unha xuntanza na súa honra, para nun número posterior resaltar o impresionante funeral ao que asistiran máis de 4.000 persoas, entre elas o deputado catalán Joaquín Salvatella Gisbert⁶⁹. Tamén daba conta da súa morte *La Correspondencia Gallega*, que mesmo un ano despois recordaba a homenaxe que lle ofrecería o Casino republicano coruñés o 1º de maio cunha comitiva que percorreu a cidade e depositou unha coroa na súa tumba. Foi unha ofrenda similar á que lle brindara dous días antes a Escola de Comercio da Coruña, á que dedicou a maior parte da súa vida académica, e que culminou, así mesmo, cunha visita ao camposanto e un recordo floral⁷⁰.

67 *El Regional* do 29-04-1909 e *La Idea Moderna* do 29-04-1909.

68 *El Correo de Galicia* do 29-04-1909.


69 *El Correo Gallego* do 27-04 e o 29-04-1909. Joaquín Salvatella Gisbert (1881-1932) foi un avogado e político republicano federal e logo liberal que ocupou o cargo de ministro de Instrución Pública en dúas ocasións entre 1918 e 1923.

70 *La Correspondencia Gallega* do 30-04-1909 e o 04-05-1910. *Ibid.* *Vida Gallega*, nº 21 do 31-05-1910.

Por último, o Concello da Coruña faría constar o sentimento da Corporación pola morte do seu ilustre veciño, ao que aludía como catedrático da Escola Superior de Comercio, e recordaba que cedera gratuitamente a carroza fúnebre municipal de primeira clase para o traslado do cadáver ao cemiterio civil⁷¹.



22018a. Manifestación republicana organizada al momento del traslado del cadáver de la muerte de Moreno Barcia



CORUÑA.—Coronas colocadas sobre la tumba de Moreno Barcia

Figs. 8. a/ b. Homenaxes a Segundo Moreno Barcia na Coruña en 1910 (*Vida Gallega* do 31-05-1910).

Anos máis tarde, tras o triunfo republicano de 1931 e coincidindo coa efeméride do día dos traballadores, os republicanos coruñeses acordaron dedicar unha homenaxe aos correligionarios históricos da súa terra, entre os cales non podía faltar o nome de Segundo Moreno Barcia, quen recibiu o correspondente presente floral na súa derradeira residencia mortuoria⁷². Algo despois, o órgano da agrupación socialista ferrolá *El Obrero* recoñecía en 1934 que a moral e a pureza republicana que predicara Pi i Margall morreran na Coruña coa desaparición de Segundo Moreno Barcia e Ramón Pérez Costales⁷³, e esta non deixaba de ser outra póstuma e laudatoria homenaxe.

71 BOPC do 4 de enero de 1911, p. 4.

72 *El Ideal Gallego* do 03-05-1931.

73 *El Obrero* do 02-06-1934.

* * * * *

A figura de Telesforo Ojea y Somoza ofrece un *plutarquiano* paralelismo coa de Segundo Moreno Barcia, polo menos nos horizontes marcados pola cronoloxía, polo lugar de nacemento, pola vocación periodística e as aptitudes oratorias ou pola ideoloxía que defenderon.

Tamén lucense, Telesforo Ojea foi un librepensador de intensa pero curta vida que naceu en San Xoán de Mosteiro, concello de Cervantes, o 5 de xaneiro de 1858, sendo os seus pais José Ojea e Isabel Somoza (Castro, 1890, p. 25). Tras asistir á escola do seu lugar natal, estudaría no Colexio da Compañía de Monforte e no Instituto Provincial de Lugo, onde xa amosaría cos seus profesores certas condicións de diletante. En realidade, non pode dicirse que o radicalismo ideolóxico que o acompañaría toda a súa vida fose debedor dos profesores que tivo no Instituto lucense, na súa maioría convencidos neocatólicos —como era o caso de Gumersindo Laverde Ruiz ou Valentín Portabales Blanco—, o que seguramente explica as diverxencias que debeu manifestar con eles. Neste centro licenciárase como bacharel e nel coincidiría con outros lucenses senlleiros como o médico Jesús Rodríguez López ou o químico José Rodríguez Mourelo (Prado, 2015, p. 101).

Polos anos nos que se asentaba en España a monarquía de Alfonso XII e o sistema político da Restauración, Telesforo Ojea marcharía a Madrid a cursar a carreira de Leis, estudos que remataría en Granada en 1887 co título correspondente de licenciado en Dereito Canónico e Civil, como recorda o seu principal biógrafo Isidro García Tato (2009, p. 153)⁷⁴. En Madrid, atoparíase cun docente que lle debeu resultar moito máis convincente que aqueles que tivera no Instituto de Lugo, o federalista e republicano Francisco Pi i Margall, quen se convertería no seu mentor espiritual e con quen compartiría ideas políticas e sensibilidades sociais dentro do Partido Republicano Federal constituído tras a Revolución Gloriosa, do que o político catalán era líder indiscutible. Polo que parece, as favorables impresións entre os dous federalistas foron mutuas, xa que Pi i Margall, segundo Castro López (1891, p. 127), aludiría a que:



Fig. 9. Telesforo Ojea y Somoza. *Almanaque Gallego*, 1904.

Recuerdo aún el día en que por primera vez se presentó en mi casa. No vino al partido, ni por un vano antojo, ni por razones de amistad, ni por deferencias personales; vino conociendo ya el sistema federal en sus principios y en su desarrollo y dispuesto á propagarlo y difundirlo. Me cautivaron desde luego la claridad con que lo exponía y los vigorosos argumentos con que combatía el unitarismo, á sus ojos como á los míos causa principal de los males que nos afligen desde los primeros años de la Edad Moderna.

Da man de Pi i Margall, Telesforo Ojea asistiu á Asemblea do Partido Federal de 1881, na que xa destacou polas súas condicións oratorias e pola súa claridade expositiva. Concluída a Asemblea, formaría parte da comisión presidida por Eduardo Benot na que se lle encargaría o estudo das constitucións rexionais de distintos países europeos e americanos, das que examinou nada menos que 116 (Castro, 1891, p. 128). Ese mesmo ano ingresaría no Ateneo de Madrid, un centro cultural que acollía a moitos dos máis eminentes políticos e publicistas do momento e no que sería nomeado bibliotecario e secretario; neste escenario recibiría novos e repetidos eloxios pola súa coidada e entusiasta oratoria (Castro, 1890, p. 27).



Fig. 10. Francisco Pi i Margall. Retrato de José Sánchez Pescador, 1873. Ateneo de Madrid.

⁷⁴ Este autor publicou no ano do centenario da morte de Ojea a monografía *Telesforo Ojea y Somoza: vida e ideología de un republicano federal (1858-1890)*.

No mes de maio de 1882, Ojea participaría noutra Asemblea do Partido Federal representando as provincias de Lugo e Ourense⁷⁵. Segundo Xan Moreno González (2003, p. 83), a súa actividade neste evento foi considerable, defendendo, xunto co delegado coruñés Federico Tapia e o pontevedrés Ildefonso Feijoo, cuestións de importancia como a de manter unha estratexia de retraemento electoral ata que fose establecido o sufraxio universal en España, a concesión da autonomía ás provincias de ultramar, ou a solicitude dunha federación con Portugal. As incisivas intervencións que levou a cabo motivarían o seu nomeamento como membro da comisión que se encargaría de redactar un proxecto de Constitución Federal para España⁷⁶. Era un traballo complexo e de gran responsabilidade para o que analizou múltiples constitucións de todo o mundo, das que extraeu certas conclusións elementais: o recoñecemento dos dereitos individuais, o dereito a que a soberanía interior dos estados rexionais só estivese limitada polo pacto federal, a división e independencia dos tres poderes —lexislativo, xudicial e executivo— e a revisión indefinida da Constitución. Os resultados deste esforzo serían publicados no semanario federalista *La Vanguardia* entre o 22 de decembro de 1882 e o 10 de xaneiro de 1883.

Na Asemblea Federal de Zaragoza, que tivo lugar nesa cidade entre o 31 de maio e o 11 de xuño de 1883, volvería demostrar o seu talento como orador e sintetizador ata o punto de ser considerado unha das figuras máis importantes do partido⁷⁷. En tal ocasión, a súa formación e elocuencia fixo que Pi i Margall, o patriarca do federalismo, meditase sobre "a qué no podría llegar en edad madura un joven que a los 27 años revelaba tal solidez de juicio y veía tan claras las más abstrusas cuestiones del orden social y del orden político"⁷⁸. De feito, nesta asemblea sería elixido secretario e membro da comisión para a redacción definitiva do proxecto de Constitución Federal republicana que quedou fixada

75 Por Lugo debería asistir Segundo Moreno Barcia, pero as súas responsabilidades académicas non llo permitiron, polo que Ojea y Somoza tamén asumiu a representación dos federais lucenses.

76 Xunto a Ojea, foron nomeados Eduardo Benot, Antonio Sánchez Pérez, Julio Burel e Alberto Ramos.

77 Xan Moreno indica que na Asemblea de Zaragoza se presentou tamén o Proxecto de Constitución para o futuro Estado galaico que promoverá Segundo Moreno Barcia (G.E.G. XXXIII, p. 84).

78 *La Noche* do 05-01-1950, dentro do espazo *En Galicia, tal día como hoy...*

nun texto que contiña 12 títulos e 63 artigos⁷⁹. Aínda volvería a representar a Lugo na Asemblea Federal celebrada en Madrid en 1888⁸⁰, cando xa a súa saúde aparecía resentida polos síntomas de tuberculose, a enfermidade que acabaría coa súa vida, pese ao que foi elixido membro do Consello Federal español que presidía Pi i Margall.

Dun xeito paralelo á intensa actividade política que desenvolvía dentro do Partido Federal, Telesforo Ojea iniciou desde moi cedo un gran labor como publicista en diversos periódicos, tarefa na que quedaron rexistrados moi acreditados ensaios coa súa sinatura e aspecto, co que tamén se asemella ás inclinacións de Segundo Moreno Barcia. Así, na *Revista de Legislación e Jurisprudencia* publicaría un artigo sobre os poderes do Estado, e en publicacións catalás como *La Vanguardia* e *La Voz de Cataluña* aparecerían algúns traballos nos que criticaba o unitarismo que existía na España da Restauración e que, na súa opinión, prexudicaba seriamente o país.

A raíz dalgunhas destas afirmacións, e en concreto por un artigo publicado no periódico *La Voz de Cataluña*, Ojea y Somoza mantería unha incómoda polémica co periodista Enrique Vera y González, tamén republicano federal, que lle respondeu no semanario federal bilbaíno *Euskaldun-Leguía*⁸¹. A contestación de Telesforo Ojea foi outra serie de artigos reunidos nun libro que publicou en 1884 co título de *Los derechos individuales, ¿son legíslables?*. Aquí, o noso autor manifesta que legislar non é limitar, senón máis ben garantir. Tamén distingue no concepto de persoa dous

79 Segundo Isidro García Tato, *art. cit.* (2009), p.155, nesta reunión tratáronse tamén cuestións sociais, como a redución do horario laboral, o traballo da muller, a eliminación do traballo para menores de 12 anos, e a mellora das condicións laborais. O diario republicano pontevedrés *El País* recordaría no seu número do 23-02-1933 o papel de Telesforo Ojea nesa Asemblea a través dun artigo que asinaba Alfonso Rodríguez Castelao e no que afirmaba que no proxecto cada rexión podería elixir a lingua que estimase conveniente.

80 *El Regional* do 27-09-1888. Neste caso acompañaríao José Pérez Villamil.

81 Enrique Vera y González (1861-1914) foi un dos publicistas republicanos máis recoñecidos da súa época. Como o lucense Manuel Castro López, exiliárase desilusionado a América en 1892, primeiro á Habana e logo a Bos Aires. http://www.ashiscom.org/images/pdfs/Libro_Actas_XVI_Congreso_AHC.pdf. A polémica entre os dous federais sería recollida por Telesforo Ojea no seu citado traballo *Los derechos individuales ¿son legíslables?* (Moreno González, Xan, G.E.G. XXXIII, p. 84).

elementos: o ser-individual e o ser-social, e estes dous elementos deben manterse harmonizados, o que permitiría o benestar e o progreso; se se considerase só o primeiro derivaríase na anarquía, e se predominaba o segundo caeríase no socialismo político, un modelo no que a sociedade anulaba ao individuo. Na práctica política, Ojea defende a existencia de dúas cámaras: o Congreso, que representa ao individuo e ao pobo; e o Senado, que representa ao colectivo-social, é dicir, as autonomías rexionais.

No mes de febreiro de 1884 aparecería o periódico *La República*, que viña substituír a *La Vanguardia*, desaparecido o ano anterior. Este xornal converteuse no portavoz dos republicanos federais españois, e Telesforo Ojea sería elixido para conducilo durante máis dun ano, ata verse obrigado a abandonar a dirección en outubro de 1885 ante a ameaza de detención que lle dirixiu un goberno canovista tras a aparición dun artigo seu titulado "El gobierno de las inmoralidades", escrito que publicou o periódico republicano o 13 de marzo de 1885. A sanción era consecuencia dos argumentos políticos e anticlericais que se poñían de manifesto no artigo e que xa lle motivaran algúns procesos anteriores nos que Ojea fora defendido por Francisco Pi i Margall. Porén, da publicación do texto en cuestión non saíu tan ben librado, xa que o goberno conservador que presidía Cánovas del Castillo non toleraba afirmacións como a de que ese goberno era "representación de un partido abominable, de una especie de Mano Negra"⁸², que se reparte el país en lotes desiguales y cuya misión parece ser hundir a España en el envilecimiento y en el descrédito", polo que ordenou abrírlle un proceso. Nesta ocasión, a pesar do entusiasta traballo do seu defensor, Ojea sería condenado a dous meses de arresto, suspensión de cargos e de dereito de sufraxio, ademais de ter que pagar os custos xudiciais. Isto motivaría a súa marcha de Madrid e o abandono da dirección do periódico *La República* en novembro de 1885.



Fig. 11. Cabeceira de *La República*, 02-01-1885.

⁸² En alusión á organización anarquista violenta que actuou en Andalucía nos anos oitenta do século XIX.

No mesmo ano 1884 no que aparecía o periódico *La República*, Telesforo Ojea publicaba a que pode considerarse a súa obra máis importante, *El Parlamentarismo*, onde critica o sistema bicameral da España do momento con todos os seus vicios e corrupcións, e avoga por un sistema republicano federal fundamentado na división de poderes —lexislativo, xudicial e executivo— que deberían conservar a súa independencia. Para Ojea y Somoza só é lexítimo o poder que emana do pobo, que é quen debe elixir os compoñentes deses tres poderes. Mais, no sistema político da Restauración, o Parlamento non só facía as leis, senón que interviña na súa execución e, a través do Goberno, controlaba os tribunais. Por iso, e para asegurar a autonomía dos tres poderes, era necesario rexeitar a centralización parlamentaria e a *charlatanocracia* que existía en España e que consideraba vergonzosa. Porén, non era Ojea un bo arúspice, xa que daba ao sistema vixente neses momentos pouco tempo de vida e en realidade superou por moitos anos a propia existencia do crítico censor.

Naquel momento, o lucense era xa membro da sociedade librepensadora *Fraternidad Ibérica*, á que se incorporara dous anos antes co nome de "Irmán Autonomía", apelativo moi axustado ao que acabamos de comentar. Porén, descoñecemos as súas iniciativas dentro desta asociación, que non deberon ser moitas pola temperán morte de Ojea y Somoza, aínda que esta experiencia vital volve identificalo, unha vez máis, coa de Segundo Moreno Barcia⁸³.



Fig. 12. Medalla masónica de *Fraternidad Ibérica*.

⁸³ *Fraternidad Ibérica* foi unha sociedade masónica estudada por Márquez Santos, Francisco A., *La logia madrileña "Fraternidad Ibérica" durante la Restauración* (1985), pp. 363-382.

A mediados dos anos oitenta, Telesforo Ojea decidiría participar dunha maneira máis directa en política presentándose ás eleccións do 4 de abril de 1886 como candidato por Lugo dos partidos republicanos Federal (Pi i Margall) e Progresista (Ruiz Zorrilla), que acudían coligados a eses comicios. Comprobaría así por si mesmo o control electoral que exercía o sistema do *turnismo*, porque sería derrotado polo candidato conservador Fernando Cos-Gayón co que competía. Cos-Gayón era un *cunero* que descoñecía a provincia lucense e que, pese a que non beneficiara en absoluto a este distrito durante a súa anterior etapa como ministro de Facenda en 1884, resultou elixido. Telesforo Ojea conseguiría derrotalo na capital, pero no resto dunha provincia controlada polo cacique local Manuel Vázquez de Parga, o conde de Pallares, que contaba con todos os apoios gobernamentais, impoñeríase con claridade a candidatura de Fernando Cos-Gayón⁸⁴.

El Regional do 29 de marzo de 1886 dedicaba un artigo da súa primeira páxina co título de "En la brecha" ao proceso electoral mencionado no que contendían o federalista e o conservador. No texto —que ben podería asinar o director do xornal Aureliano José Pereira, por aquel tempo republicano e federalista— recordábase o estado de prostración dunha Galicia abandonada polos poderes públicos; un soar no que estaba arraigado o *cunerismo*. Ante esta forma de despreocupación política, Telesforo Ojea y Somoza presentábase como un decidido defensor dos intereses de Galicia e da súa provincia natal, e fronte a el aparecía un ex-ministro "de odiosa memoria" quen, ademais das súas nefastas disposicións como gobernante, era absolutamente descoñecido para os lucenses. Na súa etapa como ministro de Facenda, Cos-Gayón negárase a recibir os comisionados que pretendían protestar por un imposto sobre o sal que sería nefasto para os intereses da industria de salgadura e para a agricultura galega. O ministro desconsiderou esa petición, como o fixera coa tributación de consumos na que se negou a atender as reivindicacións do Concello lucense. Polo tanto, elixir a Cos-Gayón como representante da provincia era un escarnio, un sarcasmo, unha vergoña. Telesforo Ojea, polo contrario, coñecía as necesidades

do país e amaba o seu pobo e por iso axudaría a redimir a Galicia, a sacala do seu crítico estado e a impoñer a xustiza. En fin, entre os dous candidatos non cabían as comparacións e, en consecuencia, era necesario votar polo representante republicano como declaraban, nunha proclama que aparecía no mesmo periódico, os integrantes da coalición zorrillista-federalista na que figuraban Manuel Mosquera Lequerica, Juan Barreira, Bernardo María Abuin y Sal, Casimiro Castro Teijeiro, Tomás Cobos, Luis Vergne, José Fernandez Carballo, Victorino Castro, Felipe Fernández y González, Rogelio Nondedeu e Manuel Castro López. Estas críticas a Fernando Cos-Gayón repetiríanse noutro titular do mesmo periódico do 1 de abril de 1886, neste caso asinado por "Varios electores".

Porén, a derrota electoral sufrida non desanimou o noso personaxe nin minguou a súa consideración intelectual, xa que moitos dos comités republicanos da provincia o nomearían presidente de honra. Eses apoios populares influíron, sen dúbida, no feito de que fose escollido para acompañar a Nicolás Salmerón nunha viaxe propagandística por Galicia que se levou a cabo no mes de setembro do ano 1886 e na que visitaron as principais poboacións galegas⁸⁵. Neste periplo, tras a intervención de Pérez Costales, e como preámbulo das de Moreno Barcia e Nicolás Salmerón, Telesforo Ojea participou cun discurso no mitin ofrecido na Coruña ao que fora presidente da I República⁸⁶. Nesa intervención, o lucense defendeu a coalición de todos os republicanos de esquerdas de cara a futuros procesos electorais e, ao mesmo tempo, a vixencia da idea federal, citando como exemplos da súa eficacia os casos de EE. UU. e Suíza entre os estados republicanos e de Austria e Hungría entre os monárquicos; en todo caso, o obxectivo inmediato en España era derrocar a monarquía, e logo a soberanía nacional decidiría si se adoptaba unha forma de estado unitario ou de estado federal.

84 *Diario de avisos de La Coruña*, ano XVI, nº 8294, do 24-03-1886. *Ibid.* *El Lucense*, do 01-04, o 05-04 e o 06-04-1886. Neste último número recollíase o resultado electoral na capital: Teolindo Soto, 167 votos; Benigno Quiroga Ballesteros, 123; Telesforo Ojea: 66; e Fernando Cos-Gayón: 18; tras o recuento total na provincia obterían 3.238, 2.932, 863 e 2.777 votos, respectivamente.

85 Unha referencia a esta xira na *Gaceta de Galicia* do 17-09-1886.

86 *El Regional* do 21-09-1886.



Fig. 13. Telesforo Ojea nunha litografía de Spanish School sobre “Glorias Republicanas”.

Telesforo Ojea, cando non cumprira aínda os trinta anos, veríase seriamente afectado pola enfermidade do século, a tuberculose, o que motivaría que a súa saúde fora declinando rapidamente a partir de 1887. Tal circunstancia restrinxiría as actividades públicas do atarefado militante, pero non lle impediría seguir escribindo, como demostran os artigos remitidos, ao seu amigo e correligionario Manuel Castro López. Entre estes escritos atópase un particularmente incisivo sobre o anatema que contra *El Ciudadano* —periódico que dirixía Manuel Castro López— emitira o bispo Gregorio María Aguirre, ensaio que lle serviría para facer unha aguda crítica clerical na que resaltaba a intolerancia relixiosa existente.

Tampouco abandonaría as súas responsabilidades dentro do Partido Republicano-Federal e, o 20 de setembro de 1887, *El Regional* publicaba unha circular da Asociación Benéfica dos Republicanos Españoles, que como secretario asinaba Telesforo Ojea, na que se defendían as subscricións de axudas para socorro de emigrados e presos políticos republicanos⁸⁷. Ademais, este periódico lucense, no seu número do 6 de xuño de 1888, daba conta da celebración dunha reunión no Casino Federal de Madrid que contou coa súa presenza e na que pronunciou un discurso en defensa do Rexionalismo, destacando a personalidade histórica das rexións e postulando a constitución dun estado federal en España que acabase coas imposicións unitaristas do poder central. No mesmo xornal sinalábase que, a esas alturas cronolóxicas e con trinta anos de idade, o lucense formaba parte moi activa da xunta de avogados —presidida por Francisco Pi i Margall— encargada de defender a aqueles republicanos federais procesados por delitos políticos. Todas estas referen-

cias demostran que a enfermidade que o acometía non puido acabar ata o último momento coas súas profundas conviccións ideolóxicas nin afectar seriamente ao seu traballo para defendelas.

En 1888 pronunciaria Telesforo Ojea os seus últimos discursos, o primeiro deles o 30 de maio en Talavera de la Reina⁸⁸ e o segundo na Asemblea de Madrid no mes de outubro. Nesta reunión madrileña foi elixido membro do Consello Federal, aínda que a súa participación foi máis limitada que en ocasións anteriores polos motivos de saúde que comentamos. A fin dese ano, unha recaída impulsouno a retirarse á Casa Grande da localidade de Fonteí, na rúa de Valdeorras, onde tiña raíces familiares⁸⁹. A familia intentou mellorar o estado físico do federalista e restablecer a súa saúde ao longo de 1889; facilitáronlle diversas estancias en Cervantes, onde nacera, ou nos balnearios de Caldas⁹⁰ e de Panticosa, pero esas visitas non conseguiron reducir a doenza de Telesforo Ojea, que morrería en Fonteí o 22 de xullo de 1890 á temperá idade de 32 anos.



Fig. 14. Casa Grande de Fonteí.

88 *El Regional* reproduciría ese discurso nos seus números do 07-06 e o 08-06 de 1888, criticando, desde unha postura liberal e imparcial, a pouca consideración que o xornal conservador *El Eco de Galicia* tivera co autor do discurso ao cualificar a súa disertación de longa e soporífera e mesmo descoñecer o seu apelido, xa que se refería a el como *Egea*.

89 Segundo Xan Moreno González (G.E.G, XXXIII, p. 83), nesta localidade acostumaba a pasar os veráns, o que lle permitía non perder de vista a realidade galega.

90 *El Regional* do 12-10-1888. Dun xeito moi optimista, ao comentar esta estancia afirmábase que a súa enfermidade non ofrecía preocupación, polo que regresaba a Madrid o día 6 acompañado da súa irmá Isabel.

87 *El Regional* do 20-09-1887. Sobre o mesmo tema, *El Regional* do 04-11-1886 e o 17-05-1887.

Non faltaron as réplicas xornalísticas e persoais á morte de Telesforo Ojea. O diario conservador *El Eco de Galicia*, pouco afín ás súas ideas, escribiría co motivo do seu pasamento:

La distinción de sus maneras, su educación esmerada, la benignidad de su carácter, siempre tolerante y dispuesto al bien, sus tendencias a prestar socorro y protección al débil y al desvalido, le habían conquistado la fama de perfecto y cumplido caballero.

El Regional do 24 de xullo de 1890, o xornal co que demostrara máis sintonía, recollía a noticia do pasamento de Telesforo Ojea e facía alusión aos seus principais traballos; indicaba que neses momentos estaba redactando a entrada *Derecho* para a Enciclopedia Universal que editaba en Barcelona Montaner y Simón (Castro, 1990, p. 28)⁹¹. O diario liberal lucense, que sempre o tratara con simpatía, non dubidaba en cualificalo como "periodista inteligente y hábil polemista", e recordaba a súa etapa de director de *La República* destacando o seu carácter íntegro e a súa condición de amigo afectuoso. Resumían a súa memoria póstuma cunha frase inspirada en Pi i Margall: "Con su muerte pierde Galicia uno de sus hijos más notables, y el partido federal una de sus personalidades más distinguidas"⁹².

Poucos días despois, o mesmo periódico lucense, no seu número do 5 de agosto de 1890, falaba da intención de levantar "un modesto mausoleo" na súa memoria no cemiterio de Valdeorras, e no exemplar do 8 de agosto recollía unha sentida necrolóxica asinada por José Núñez na que se repetía a mesma intención. Transcorridos uns meses, *El Regional* do 22 de abril de 1891 informaba de que o monumento fora encargado ao profesor de Belas Artes da Coruña González Giménez e tería 3 metros de alto por 2 de ancho⁹³. Por último, no número do 18 de xuño de 1892 anunciábase

a inauguración do monumento nun acto que contaría coa presenza de Pi i Margall, quen aproveitaría a viaxe para visitar os seus correligionarios de diversas localidades galegas⁹⁴.

Francisco Pi i Margall, mestre de Ojea e presidente do Partido Republicano-Federal, xa enviara con motivo da súa morte un telegrama de pésame con este texto: "Gran pérdida para el partido y la patria: Galicia debe honrar la memoria de Ojea"; por iso, en setembro de 1892⁹⁵, non dubidaría en distinguir coa súa asistencia o acto que se celebrou no cemiterio civil da Rúa, onde o antigo presidente da I República española pronunciou un doído discurso ante unha numerosa audiencia.

O acto de inauguración do mausoleo sería comentado con pormenor pola *Gaceta de Galicia* do 28 de setembro de 1892, onde se aludía ao bo recibimento que recibira Pi i Margall, quen se aloxou na mesma casa da familia do seu discípulo e desde cuxo balcón saudou os que acudiran ao acto. O sábado achegáronse ao cemiterio para unha ofrenda floral e, tras os discursos pronunciados desde a tribuna por representantes de Vigo, Lugo, Vilalba, Monforte e Asturias, e polos señores Pi Arsuaga, Mosquera Lequerica, Moreno Barcia e Pérez Costales, falou o líder nacional dos federais eloxiando as virtudes cívicas, os coñecementos, o amor ás ciencias e ás liberdades públicas que amosara Telesforo Ojea, ao mesmo tempo que criticaba a aqueles periódicos que lle negaban méritos para que a súa memoria quedase perpetuada en mármore. O periódico santiagués completaba a súa información indicando que o panteón se construíra na Coruña e fora obra do profesor da Escola de Belas Artes José González Gi-

94 *El Regional* do 31-07, o 19-09, o 22-09 e o 24-09-1892. O mesmo periódico, no número do 01-10-1892, indicaba que se depositaran dúas coroas lucenses, unha colectiva e outra particular de Manuel Mosquera Lequerica. *Ibid.* *El Telegrama* do 13-06 e o 26-09-1892, no que se recolle unha detallada información sobre a inauguración do monumento, os asistentes e as intervencións.

95 *El Eco de Galicia* do 12-01-1892 anunciaba a homenaxe para o mes de xuño seguinte, e no número do 17-06-1892 aludía á chegada de Pi i Margall, como fixera a *Gaceta de Galicia* o 14-06-1892. Este mesmo periódico informaba do envío do monumento desde A Coruña no exemplar do 27-08-1892. Sobre a intervención de Pi i Margall, unha referencia na *Gaceta de Galicia* do 20-09-1892. O mausoleo foi unha iniciativa do Consello Federal de Galicia, que contou co apoio do de Castilla la Vieja e pola que se abriu de inmediato unha subscripción popular (*Gaceta de Galicia* do 11-12-1890 e o 17-03-1891).

91 Segundo esta referencia, encargóuselle a redacción das materias de Dereito Civil, Mercantil, Administrativo e Internacional, ademais da de Enxuízamento Civil, todas elas para o *Diccionario Enciclopédico Hispano-Americano*.

92 O mesmo faría *La Voz de Galicia* (*El Regional* do 25-07-1890).

93 Información máis pomenorizada sobre o monumento e o seu autor en *El Telegrama* do 17-04-1891.

ménez⁹⁶; constaba de dous corpos e contiña un busto de Ojea e unha inscrición en letras douradas na que se lía: "Al malogrado Telesforo Ojea, modelo de honradez y de virtudes cívicas. Sus correligionarios". Porén, hai que dicir que o periódico consideraba que, como obra artística, deixaba bastante que desexar.

Porén, a brillantez do acto inaugural veríase ensombrecida co tempo, xa que o mausoleo na súa honra sería esnaquizado, segundo afirmaban a *Gaceta de Galicia* do 31 de outubro de 1892 e *El Eco de Galicia* do 2 de novembro de 1892⁹⁷. Tratouse dun vandálico acto no que se derruíu a cruz e se picaron os signos e alegorías do pedestal, polo que hai que pensar que a responsabilidade da desprezable acción correspondía a inimigos ideolóxicos de Ojea y Somoza que prolongaban a súa animadversión aínda despois da súa morte. Moitos anos despois levantaríase outro monumento en memoria do activo federalista, que hoxe se pode contemplar na mesma localidade onde faleceu.




Fig. 15. Monumento actual dedicado a Telesforo Ojea y Somoza en A Rúa.

Coa erección do primeiro monumento rués non acabaron os recoñecementos a Telesforo Ojea. Ben pouco despois da súa morte, o xornal conservador lucense *El Eco de Galicia* do 4 de agosto de 1890 invocaba a un personaxe ao que, aínda que o consideraba moi afastado do seu pensamento, lle recoñecía unha gran valía persoal e intelectual, xa que o consideraba un "adversario impenitente" e un home que combatera o que o periódico consideraba a maior gloria de España: a unidade da patria. Fixérao, sen dúbida, pero tamén fora un home de talento que defendeu con tenacidade as súas ideas e "un hijo digno de nuestra provincia, por su poderosa inteligencia y por su corazón, siempre abierto para los sentimientos nobles y elevados". Telesforo Ojea fora ademais "pensador profundo... orador insigne

96 Sobre este profesor e artista granadino vid. o artigo de Justo Estebaranz, Ángel "Laureado escultor, perfecto caballero y padre amantísimo..." y pobre: en el centenario de la muerte del escultor José González y Giménez, Laboratorio de Arte 30 (2018), pp. 389-400.

97 García Tato afirma que o monumento foi destruído tras a Guerra Civil, vid. *Telesforo Ojea y Somoza, art. cit.* (2009), p. 163.

y... correctísimo y elegante prosista". O diario conservador lucense non se esquecía de destacar o valor da súa obra *El Parlamentarismo* e o seu traballo como periodista desde as páxinas de *La República*, con artigos tan destacados como o titulado "La intolerancia". Para poder desprenderse da súa "manía libre-pensadora", obtería as simpatías de todos aqueles cos que conversaba tanto polas súas distinguidas maneiras como pola súa esmerada educación e bo carácter.

Quiz, de todas as referencias postumas, a máis inmediata e afable da que dispoñemos é a do seu amigo e correlixionario Manuel Castro López, quen lle dedicaba unhas memorias biográficas no seu traballo *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo* (pp. 25-29)⁹⁸ e unhas entradas máis extensas da súa obra *Efemérides Galaicas* (pp.127-129), publicada un ano despois da morte de Ojea y Somoza. Nesa noticia, e tras recordar os datos biográficos pertinentes, aludía ao primeiro encontro no que Castro López e mais Ojea coincidiron na análise do unitarismo como "causa principal, de los males que nos afligen desde los primeros años de la Edad Moderna". Logo, rememoraba a participación de Ojea no Congreso de 1881 e o seu extraordinario traballo para analizar 116 constitucións europeas e americanas. Máis tarde, volvería demostrar a súa competencia na Asemblea de Zaragoza ao contribuír na redacción dun proxecto de Constitución Federal que incluía unha serie de reformas sociais fundamentais. O seu labor asembleario completouse cunha densa obra escrita na que destacaba o libro *El parlamentarismo*, onde criticou os vicios que este sistema ofrecía en España. A reseña de Castro López remataba co recordo da xuntanza que ofreceu o 25 de setembro de 1890 a xuventude fede-

ralista madrileña, na que se leu unha carta de Eduardo Benot e na que pronunciou un dos discursos Pi i Margall, correlixionarios que por entón proxectaban levantar un monumento na súa memoria⁹⁹.

La Idea Moderna, que se autotitulaba diario democrático de Lugo, recollía o 27 de xullo de 1899 na súa primeira páxina un artigo dedicado a Ojea co título "Un recuerdo", no que aludía a diversos aspectos biográficos do personaxe que xa foron comentados. Entre eles atopábase a súa condición de grande orador, as súas primeiras armas políticas na Asemblea Federalista de Madrid de 1881 co celebrado discurso de crítica ao unitarismo, o informe sobre 116 constitucións de todo o mundo, o seu papel na Asemblea de Zaragoza, a súa animadversión ante o parlamentarismo, a dirección de *La República*, e a súa actividade como membro do Ateneo. O periódico atribuíu a perda de saúde que sufrira ao exceso de traballo e aos desgustos que tivera con algúns correlixionarios, o que explicaría a súa temperá morte, e finalizaba rememorando a xuntanza que dedicaron á súa memoria os federalistas madrileños, na que se puideron escoitar varios discursos, un deles de Pi i Margall, e na que se promoveu un monumento que, segundo o xornal, "hasta el presente no se ha llevado á cabo".

El Regional, un periódico liberal que durante a súa vida xa lle demostrara un decidido apoio, recordaba en 1901¹⁰⁰ —nunha sección dedicada a Lucenses Ilustres— a Telesforo Ojea cun texto que tamén asinaba Manuel Castro López, o seu colega ideolóxico. Tras algunhas referencias biográficas, o autor recordaba con afecto a relación que mantivera con Ojea, pois ambos coincidían na oportunidade de que se implantase en España un sistema federal e, así mesmo, converxían na crítica ao unitarismo. Castro López, a esas alturas xa exiliado na Arxentina, destacaba as excelentes condicións persoais de Telesforo Ojea e o intenso e eficaz traballo que dedicou ao partido republicano federal a través de sucesivas Asembleas nacionais, con intervencións nas que non esquecía as reformas sociais que eran necesarias no país, nas que defendeu os dereitos individuais, e nas que resaltou o seu antiparlamentarismo; postulaba que o poder nacional tivese como con-

98 O autor publicara en xaneiro de 1887 un artigo sobre Ojea y Somoza nunha serie titulada *Siluetas de periodistas federais* na revista *La España* de Lisboa; en *Hijos distinguidos...* completaría as referencias cando coñecía xa o falecemento do seu correlixionario que lamentaba profundamente. Recordaba, así mesmo, que a terrible enfermidade que causaría a súa morte non lle impedira seguir traballando ata o final polo ideario federal, e escribiu varios artigos neste sentido, entre eles un criticando a intolerancia do bispo Aguirre contra o periódico lucense *El Ciudadano* no que, de feito, viña defender a Castro López, que o dirixía e quen, naturalmente, llo agradecía.

99 O semanario *Revista Gallega* (ano II, nº 53 do 15-03-1896) daba conta de que no periódico *El Eco de Galicia*, que dirixía en Bos Aires Manuel Castro López, se publicaba, nun número extraordinario do seu cuarto aniversario, un retrato de Telesforo Ojea y Somoza.

100 *El Regional* do 29-03-1901.

trapeso o rexional, idea aceptada non só polos federais senón tamén polos progresistas. A súa curta vida rematou coa mesma convicción coa que a vivira, xa que "en sus últimos momentos no consintió que sacerdote alguno se acercase a su lecho de muerte".

Testemuñas de afecto repetiríanse co tempo. Na sesión do Concello de Lugo do 4 de maio de 1925, e como proposta do alcalde Eduardo Rosón López —un home católico e conservador pero paisano de Ojea y Somoza, xa que nacera en Cervantes coma el—, propoñíase poñer o nome das dúas rúas abertas entre a estrada nova e vella da Coruña que se estaban urbanizando ao bispo Ramón García Abad e a Telesforo Ojea, o que así quedou acordado¹⁰¹. Esta denominación mantívose ata a II República, pero desaparecería cos cambios de nome producidos durante a Guerra Civil, tras a que a rúa se pasaría a chamar Onésimo Redondo, na honra dun significado nacionalsindicalista falecido en 1936¹⁰².



Fig. 16. Eduardo Rosón López.

O diario santiagués *La Noche* do 5 de xaneiro de 1950, nunha nota asinada por Couceiro, ofrecía outro breve esbozo biográfico do personaxe no que recordaba o seu nacemento nese día: "En Galicia, tal día como hoy...". Así mesmo, nos anos seguintes aparecerían referencias a Telesforo Ojea nos periódicos locais das provincias ás que tiña representado, Lugo e Ourense, como sucede co artigo de Blas Ferreiro "Un hijo notable de Galicia", publicado en *El Progreso* do 20 de abril de 1975, ou os de Hervella Martínez —"Telesforo Ojea y Somoza, un gallego ilustre"— e Costa Dávila —"Historia de don Telesforo Ojea y Somoza"—, que apareceron no diario ourensán *La Región* do 3 de febreiro e o 9 de marzo de 1980 (Moreno, 2003, p. 35).

En fin, resulta evidente que a figura e a tarefa de Telesforo Ojea y Somoza non foi esquecida, aínda que non sempre coa mesma intensidade en función do talante ideolóxico de cada tempo. Pola nosa parte, o que aquí se pretende é rememorar a un lucense de nacemento que o merece polos trazos dunha vida curta pero moi aproveitada. Sen entrar en disquisicións sobre paternidades —e aínda que o seu principal biógrafo, Isidro García Tato, fai repetidas referencias ao personaxe como rués debido a que na Rúa tiña relacións familiares indiscutibles e foi onde morreu, onde se colocou o monumento na súa memoria e onde se lle deu o seu nome a unha céntrica rúa—, non nos podemos esquecer de que Ojea y Somoza tiña unha parte de lucense non só por nacemento, senón tamén porque realizou os seus primeiros estudos en centros educativos desta provincia e porque se presentou nas asembleas do seu partido, e mesmo nun proceso electoral nacional, precisamente, por Lugo. Ademais, contou durante a súa breve vida coa amizade doutros distinguidos lucenses como Castro López ou Moreno Barcia. Polo tanto, estas afinidades demostran que algo ten que ver con esta terra e que ben merece que se recorde nela.

¹⁰¹ *La Voz de la Verdad* do 05-05-1925.

¹⁰² Referencias en *La Voz de la Verdad* do 19-07-32 e *El Pueblo Gallego* do 16-11-1933, sobre os distritos electorais en que se dividía a cidade. Hoxe a rúa leva o nome do pintor e escritor galeguista Luis Seoane.

Bibliografía

- Beramendi, J., (2007). *De provincia a nación. Historia do Galeguismo político*, Xerais, Vigo.
- Castro López, M., (1890). *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo*, Imprenta de *El Regional*, Lugo.
- Castro López, M., (1891). *Efemérides Galaica*, Imprenta de *El Regional*, Lugo.
- Cora, J. De, *Álbum de los lucenses*, 10-05-2020.
- Costa Rico, A., (2004). *Historia da educación e a cultura en Galicia*, Xerais, Vigo, p.783 e nota 185.
- García Tato, I., (1990). *Telesforo Ojea y Somoza: vida e ideología de un republicano federal (1858-1890)*, Instituto de Estudios Valdeorrenses, O Barco de Valdeorras.
- García Tato, I., (2009). *Telesforo Ojea y Somoza*, Tres Ctres, Roteiros, pp. 151-168. <https://digital.csic.es/bitstream/10261/23276/1/telesforo.pdf>
- Justo Estebaranz, Á., (2018). "Laureado escultor, perfecto caballero y padre amantísimo..." y pobre: en el centenario de la muerte del escultor José González y Giménez, Laboratorio de Arte 30.
- Lanza Álvarez, F., (1973). *Ribadeo antiguo*, Ediciones del Castro, A Coruña.
- López Rodríguez, P., (1985). *Campesinos propietarios*, Diputación provincial, Lugo.
- Márquez Santos, F. A., (1985). *La logia madrileña "Fraternidad Ibérica" durante la Restauración*, revista Hispania, vol. 45, nº 160, Madrid.
- Méndez San Julián, F., (1884). *Apuntes sobre Rivadeo*, Publicados en "Las Riberas del Eo", M. Páez é hijos de Cascante, Rivadeo, Versión dixital.
- Moreno González, X., (2003). *Moreno Barcia, Segundo*, en Gran Enciclopedia Galega, tomo XXX pp. 214-216.
- Moreno González, X., (2003). *Ojea y Somoza, Telesforo*, en Gran Enciclopedia Galega, tomo XXXIII, pp. 83-84.
- Porto Ucha, Á. S., (1986). *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, Ed. do Castro, Sada, A Coruña.
- Prado Gómez, A., (2005). *La Diputación Provincial en la época isabelina*, tomo II, Deputación Provincial, Lugo.
- Prado Gómez, A., (2015). *O Instituto Provincial de Lugo, 1842-1975*, Deputación Provincial, Lugo.
- Romero Masiá, A., (2017). *Os inicios do laicismo escolar en Ferrol e A Coruña (1887-1906)*. Disponible en https://www.estudioshistoricos.com/wp-content/uploads/2017/05/arm_01_laicismo.pdf
- Soto Gutiérrez, J., (2012). *As estrelas fugaces, Albores da prensa luguesa*, Ediciones Bolanda S.L. Santiago.
- Valín Fernández, A., (1990). *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, ed. Do Castro, Sada, A Coruña.

